



## Concello de Vigo

### ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de xullo de 2010, adoptou o seguinte acordo:

#### **5.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VIGO E AUTORIZACIÓN DOS PAGAMENTOS. EXPTE. 3568/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 8.07.2010 co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral da mesma data, e da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 6.07.2010 co conforme do concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente á mercantil PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción de actuacións e espectáculos para as festas de verán 2010 (expediente 3568-335) por un prezo total de 206.100,00 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

-Se compromete á execución da mellora de limpeza das instalacións, que inclúe a limpeza das gradas.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 28 de maio de 2010 e a oferta presentada.

2º.- Autorizar que os pagamentos do contrato de servizos para a produción dos espectáculos das Festas de Verán 2010 do Auditorio de Castrelos (3568/335) se realicen a xustificar a través da conta habilitada Animación Sociocultural (2080.0000.77.0040277241), de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas deste contrato e no informe da técnica do Servizo de Animación Sociocultural de data 29/04/2010.”

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trece de xullo do ano dous mil dez.

am



V. e. Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.